

## **A Igrexa e o galego: un grave problema de secularización interna**

Este artículo fue publicado en el diario *La Voz de Galicia* el 29 de julio de 2015

### *Abstract*

*The Vatican Council II spoke about the “inculturation” of the Gospel. This “inculturation” is necessary in the evangelization of the Catholic Church. Not only in distant lands of mission, but also in The West. The Galician Church does not seem to have assumed this reality since the use of the Galician language has not reached normality yet.*

*Key Words: Vatican Council II, Enculturation, Galician language.*

O 25 de xullo de 2015 cumpríronse 50 anos da primeira misa en galego. Foi presidida polo P. Seixas, en Santiago, na Igrexa de San Domingos de Bonaval, lembrando a Rosalía. Que dicir deste medio século da relación entre a Igrexa e o galego?

Ante todo, unha constatación: a Igrexa galega — nomeadamente os seus dirixentes— ten un serio déficit de normalización da lingua. Probablemente non moi distinto do que ten toda a sociedade galega, pero hai unha diferenza esencial: as autoridades da Igrexa non parecen nin tan sequera sensibles aos problemas do galego. É comprensible tal inconsciencia?

A perda dunha lingua é a perda da identidade colectiva dun pobo. A Doutrina Social da Igrexa é perfectamente clara verbo da defensa, do coidado e do respecto que merecen as culturas e as linguas dos pobos da terra. Tamén o son o Concilio Vaticano II e, especialmente, o Concilio Pastoral de Galicia. A Igrexa non pode

desobedecerse a si mesma. Como é, pois, que os bispos e os cregos de Galicia non atenden con urxencia a tal situación sendo o galego a lingua propia do seu pobo eclesial?

Unha hipótese arriscada, pero verosímil: os dirixentes da Igrexa galega obedecen neste asunto, sen dárense conta, a dous criterios mundanos, secularistas e sociolóxicos antes que evanxélicos.

O primeiro (tan vello coma actual): o clasismo. A diglosia imperante na sociedade reflíctese na Igrexa e a Igrexa reforza o clasismo da sociedade. O castelán é *cool*. O galego non. O castelán é universal e útil. O galego local é inútil. O castelán ten futuro. O galego só ten pasado. As veces disimúlase con algo de maquillaxe —o Noso Pai ou o final da homilía en galego— pero sen éxito.

O segundo: a lingua galega é percibida coma instrumento de politización. Se un fala castelán non pasa nada. Esta é a realidade cotiá, neutral e non tendenciosa. Se, porén, un opta polo galego, como non ver aí unha sospeitosa, ideolóxica e perigosa opción política?

Alí onde, á luz do Evanxeo de Xesús —aquele home de aldea— máis ollos se deberan ter para as persoas e realidades ignoradas, asoballadas e desprezadas —como a cultura, a lingua galega e os seus falantes— resulta que é xusto onde máis se axuda a consolidar esa situación de ignorancia e desprezo.

¡Que triste e paradoxal situación! Temos aos bispos e aos cregos de Galicia preocupados pola secularización da sociedade e, poren, cegos ante o feito de que tal secularización —a saber: clasismo e politización— rexe internamente a súa concepción da realidade galega.

Mentres non logremos desactivar estes poderosos prexuízos dentro da Igrexa —e, xa que logo, en todos os estratos da sociedade— non ten sentido agardar un futuro mellor.

Con todo, se algo ensina o cristianismo é a non desesperar. O recordo da primeira misa en galego en lembranza de Rosalía ha ser, pois, un estímulo para avanzar na vivencia dunha relixión

verdadeiramente inculturada na nosa terra. Deixémonos de prexuízos e normalicemos xa o galego na Igrexa.

Pedro Castelao

Director de *Encrucillada*

Universidad Pontificia Comillas